

ESCOLMA CANTIGAS GALEGAS

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2025



 *Seminario Galán*

2

Ilustración: Carlos Rodríguez



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Antón Santamarina

Pregón do Festival Pardiñas 2024

(Extracto)

Ao noso cantigueiro popular hai case 300 anos que se lle vén prestando atención, desde Sarmiento en 1745, que recolleu algunha cantiga (só letra). Un doutorando meu, Domingo Blanco, recolleu nun libro en dous volumes todo canto poema popular, especialmente coplas, andaba perdido en revistas, libros ou cancioneros inéditos; está publicado en Xerais en dous volumes e leva por título *A poesía popular en Galicia 1745-1885*. En 1884 deuse un paso importante no referente á recolleita do noso folklоре coa creación da *Sociedad del Folklore Gallego* que presidiu a condesa de Pardo Bazán; nesa sociedade puxéronse moitas esperanzas pero deu uns resultados cativos se quitamos o *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*, obra de José Pérez Ballesteros publicada en 1885-86 en tres volumes. Despois, ata hoxe, seguiron aparecendo bastantes cancioneros, a maioría deles de zonas concretas; case todos sen música.

A recolleita de música comezou máis tarde, en especial cando comezaron a aparecer orfeóns (a semellanza dos que se crearan por toda Cataluña, o primeiro deles fundado por Anselm Clavé en 1850, *La Fraternitat*). Se non estou mal informado, o primeiro que se creou en Galicia foi o *Orfeón coruñés* en 1875, dirixido por Pascuala Veiga, e despois *Aires da terra* en 1883, en Pontevedra, fundado por Perfecto Feijoo; logo seguiron máis. Nestas agrupacións había, e hai, arquivos musicais. Estas agrupacións corais levaban por primeira vez a música popular aos escenarios e pouco despois aos discos.



Foto: M. d'Outeiro

Antón Santamarina, no centro, pregoeiro do Festival de Pardiñas 2024


Pero o gran paso deuse cando por iniciativa do redondelán Casto Sampedro y Folgar se puxo en marcha a recolla dun cancioneiro musical de toda Galicia, con transcricións do mesmo Sampedro, pero con achegas de moitos colaboradores entre eles máis de 30 anónimos. Cando morreu Sampedro en 1937 aínda non se publicara, cousa que fixo Filgueira Valverde en 1942, que escolmou só o que lle pareceu máis interesante.

Entre 1928 e 1934 traballaron noutro *Cancionero gallego* dous musicólogos: o asturiano Eduardo Martínez Torner e o lugués Jesús Bal y Gay. Traballaban para a sección de Musicología e Folklore do Centro de Estudios Históricos de Madrid. Estaba aínda en curso de recollida cando estalou a Guerra. Torner exiliouse en Londres e Bal en México. O seu cancioneiro, a parte recollida ata aquel momento, foi editado tamén por Filgueira en 1973.

Houbo outras colleitas. Entre elas unhas *Misiones folklóricas* (68 en total en toda España) que promoveu o Instituto Español de Musicología do CSIC e sete destas misións levounas a cabo en Galicia un burgalés, Pedro Echevarría Bravo, entre 1951-1960. Pero os resultados delas están aínda inéditos; agora a internet permite o acceso a esas partituras manuscritas depositadas en Barcelona na Institución Milà i Fontanals.

En 1978 veu por primeira vez a Galicia Dorothé Schubarth. Apareceu en xullo por Santiago despois de pasar polo Courel e o Cebreiro. Andaba en busca de melodías arcaicas por Europa e Galicia pareceulle un bo sitio; traía unha bolsa do Cantón de Basilea. En setembro dese ano comezou a vir polo meu despacho con transcricións que eu lle axudaba a mellorar; de interesarse só por melodías arcaicas pasou a interesarse por todo tipo de melodías cantadas. En 1980 acabábaselle a bolsa de Basilea e animeina a que pedise unha axuda para continuar co traballo. Concedeulla a Fundación Barrié por dous anos que acabaron sendo seis, ata 1986, data na que regresou a Basilea para encargarse dunha cátedra no Conservatorio desa cidade.


Vénse repetindo nos prólogos de todos os cancioneiros da urxencia da recolleita das melodías populares porque están en trance de desaparición. Inzenza, no seu *Cantos y bailes de Galicia* 1888, despois de admirarse na riqueza musical de Galicia vaticina que este caudal *desaparecerá muy en breve a*



impulso de la majestuosa y rugiente locomotora, que cual inexorable ley de civilización y progreso modificará, a no dudarlo, sus tranquilas y poéticas costumbres, imprimiendo en ellos un nuevo sello de unidad nacional, asimilándola cada vez más a las del resto de nuestra península, y borrarán todos los elementos que desde época remota formaban lo que pudiéramos llamar su identidad provincial.

Se isto o pensaba Inzenga (e Curros) á altura de 1888 que non pensaría eu en 1978. É verdade que en 1978, cando Dorothé chegou a Santiago, había aínda moitos informantes que se criaran naquela sociedade tradicional e que viaxaran pouco en tren; se o facían era ao servizo militar ou a Cuba ou ás segas a Castela e pouco máis. Pero pouco despois da Guerra de España e da Mundial, en especial nos últimos corenta anos do século XX déronse cambios radicais, moito mais importantes do que acontecera nos mil anos anteriores. Podemos velo se miramos o que aconteceu coa cultura material; en 1970 inda podíamos facer enquisas para un atlas lingüístico e preguntar polas diferentes partes do carro, do xugo, da forxa, do muíño; ou preguntar como se facía unha tella ou un fouciño e hoxe (en realidade xa hai bastantes anos) aquelas pezas ou os oficios respectivos pasaron a ser arqueoloxía.

No referente á música e á literatura popular nese ano de 1978 aínda vivían moitos galegos que naceran naquela sociedade tradicional e podían ser informantes. Meu tío Enrique (1910) e meu pai Benjamín (1914), que eran moi cantadores, aínda cantaban cantos de seitura, romances ou coplas variadas; pero xa as alternaban e mesmo lles daban preferencia aos cantares de Miguel de Molina, de Angelillo, de Imperio Argentina, da Piquer ou de Gardel. Cando eles eran mozos (arredor dos 20) empezaron a vir os fonógrafos; nas verbenas da Fonsagrada xa se preferían as orquestras aos gaiteiros; pouco despois popularizouse a radio, aínda que algo máis tarde porque na maioría das aldeas non había luz; falo dos anos 60. E coa radio e pouco despois cos transistores a voz de Antonio Molina, Juanito Valderrama ou Manolo Esco-



bar co seus *Adiós mi España querida* ou *La ovejita lucera* facían furor entre a xente da miña quinta. Todo isto deixaba moi atrás o impacto que puido ter a locomotora de Inzenga a finais do XIX.

Así é que eu era pesimista sobre a supervivencia do noso folclore e por iso me pareceu unha ocasión extraordinaria que se puidese acometer a recompilación dun cancioneiro galego que se equiparable á *Obra del cançoner* que tiñan os cataláns (recollido entre 1922-1936, 13 volumes.), ou ao *Cancionero vasco* de Azkue (1921-1925, 11 volumes) ou ao *Cancionero musical de la lírica popular asturiana* de Torner (1920, 1 volume).

Volvendo á metáfora do tren: púidose coller un aínda a tempo porque daquela (1978-1986) había moitos informantes e había a persoa indicada para facer as



As pandeireteiras de Mens

transcricións das melodías. Desta maneira, con medio século de atraso, podemos presentar aos interesados pola música popular galega algo equiparable aos cancioneiros vasco e catalán que acabo de mencionar. E atrévome a dicir que mellorado porque no noso caso á parte da transcrición das melodías temos tamén o documento sonoro. No Museo do Pobo Galego están depositadas todas as cintas (hoxe dixitalizadas) e pódese acceder libremente a elas e recuperalas tanto pola partitura como pola letra como polo documento sonoro e por máis criterios como lugar ou informante, xénero etc. No traballo de facer cortes nas melodías, referenciar que letra lle corresponde á melodía ou viceversa, quen é o informante, en que lugar e ano se gravou etc. traballou Dorothé con Concha Losada varios anos, en especial desde que a primeira se xubilou en 2005. Así é que probablemente non haxa hoxe ningún cancioneiro en



España (e poucos en Europa) que sexan equiparables ao galego.

A parte que me corresponde a min neste cancionero é menor cá de Dorothé pero ela consideraba que a vertente literaria era non menos importante cá musical e esa é a razón pola que o meu nome figura tamén na tapa dos Cancioneiros.

Volvo á idea do pesimismo que tiña Inzenga en 1888 e eu 100 anos despois. Co paso do tempo vai un deixando de agoirar un futuro negro e isto vale tamén para a lingua; en 1973 o meu mestre en Lugo Xesús Alonso Montero publicaba un *Informe dramático sobre la lengua gallega* onde facía varios vaticinios que, de se cumpriren, hoxe non estaría eu aquí botando este pregon en lingua galega.

No referente ao folclore é certo que non sobrevive máis que parcialmente da mesma maneira en que se practicaba aínda nos anos 80; pero vive doutra maneira. Tanto que probablemente a nosa música popular nunca tivo unha vida máis vizosa do que ten na actualidade. A pesar de que xa que non está presente nunha seara de trigo ou nunha malla e que xa hai poucos seráns ou polavilas; e a pesar de que xa non hai xastres, nin costureiras, nin ferreiros, nin arrieiros e case non quedan curas (por falar só de oficios que foron motivo de moitas cantigas) o certo é que na actualidade Galicia está chea agrupacións corais, de escolas de pandeireteiras, gaiteiros, acordeonistas, violinistas, zanfoñistas e aínda máis, e continúan vivas corais centenarias e seguen xurdindo outras novas que están perpetuando o repertorio da nosa música popular nos escenarios, nos platós de TV ou nas festas; a nosa música popular está presente mesmo nos conservatorios, que se resucitara Bal y Gay non daría crédito.

Poucas terras en España poden presumir de manter con tanto vigor a día de hoxe a súa música popular como acontece en Galicia. Parece un paradoxo pero a medida que Galicia se foi facendo máis urbana máis florecente se volveu a nosa música popular; e isto parece que veu para quedarse porque nin o tren nin o



O Festival de Pardiñas

walkman nin o Spotify deron acabado con nós. Inda parece que nos favore-

ceu porque fan que circule máis fluidamente.

Unha mostra da calidade da nosa música é que hai bastantes músicos de fóra, e non só de España, que incorporan pezas nosas ao seu repertorio ou publican discos enteiros con melodías nosas como son os casos do vasco Kepa Junquera ou o catalán Jordi Savall ou do franco-estadounidense Yo Yo Ma. Que os nosos músicos se paseen con éxito polos escenarios de todos os continentes levando as nosas musicas é un indicio de que somos unha potencia neste terreo.

A este florecemento contribuíron festivais como este de Pardiñas e outros similares doutras comarcas aos que acoden non só a xente dos arredores senón visitantes de moitos quilómetros á redonda.

Así é que remato co desexo de que continúe o entusiasmo pola nosa música e que festivais como este de Pardiñas contribúan a que o seu espallamento vaia a máis. Canteiras hainas.

Creo que o que dixen se parece pouco a un pregón, pero é que eu non son Otero Pedrayo nin teño a súa retórica.


Así é que boa tarde e divertirse.



XXXVIII Festival de Pardiñas, ano 2017

Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Cancioneiro Popular Galego Volume VI. Tomo II: Letras



31a

O meniño tiña sono
tiña ganas de dormir
ten un olliño cerrado
e outro non o pode abrir

Viana. Celia



47b

Aló arriba na aquela montaña
segan o trigo cunha gadaña
e o galo canta e a pita chora
porque lle dormen os pitiños fóra

Meira. Un veciño

122

Se queredes que vos cante
habédesme dar diñeiro
que esta miña gargantiña
non a fixo un carpinteiro

Bande. Carme

193b

Este pandeiro que toco
este que teño na man
era da miña cuñada
da muller do meu irmán
ai la...

Ponteceso. Eduardo e Manuel



Ilustracións: Inés Presa e Simón, 4ºB. CEIP Pardo Bazán, A Coruña

204b

O coiro da pandeireta
 é de coiro dunha ovella
 onte comía na herba
 e hoxe toca que arrabea
 ai la...

Mazaricos. Francisco

**235b**

Alá vai o gaiteiro
 polo fondo pinal
 e ata os pinos lle axudan
 o roncón a roncar
 o roncón a roncar
 o roncón a roncar
 ala vai o gaiteiro
 polo fondo pinal

Bande. Guillermina

276a

Que ben baila, que ben baila
 a da chaquetiña longa
 moito millor bailarí
 se a tivera redonda

Bande. Carme

277a

Unha volta polo medio
 outra polo de arredor
 así fai o que ben baila
 así fai o bailador

Ordes. Carmelita



Ilustracións: Julieta e Martín , 4ºB. CEIP Pardo Bazán, A Coruña

332a


Sei cantar e sei bailar
tamén sei pintar o mono
como son filla de pobre
cómpreme saber de todo
ai la...

Castro Caldelas. Numesinda

947b

Non chas quero, non chas quero
castañas do teu magosto
non chas quero, non chas quero
que me cheiran ao chamosco


Campobecerro. Martín



1028b

Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía
e a berza estaba rachada
toda a auga lle verquía

Ordes. Adolfin e Rosa



1414

Miña nai e máis a túa
quedan no río berrando
por causa dunha galiña
que ten amores co galo

Outes. Isolina




Ilustración: Sara B., Enzo, Bianca e Clara, 4ºB. CEIP Pardo Bazán, A Coruña

1569g

O río cando vai cheo
leva os carballos e as follas
tamén che podía levar
as linguas criticadoras

Viveiro. Asunción



1579a

Marmúranme porque canto
se canto fago moi ben
mentres que canto non choro
nin falo mal de ninguén

Viveiro. Asunción

1627

Cantaruxa cantaruxa
filla da cantaruxeira
toda a semana na cama
e o domingo vas á feira

Courel. María de Freixo



1679a

Miña nai por me casar
ofreceume unha becerra
agora que me casei
dixome que xa a vendera


Outes. Isolina



1876

No curro da Carolina
non entra carro pinchado
soio entra Carolina
co seu cocho polo rabo

Meira. Filomena



1881

Ven bailar Carmiña
Carmiña Carmela
co zapato baixo
e a media de seda
a media de seda
a media calada
ven bailar Carmiña
miña namorada

A Fonsagrada. Florencio

1929

Teño un paxariño
na miña gaiola
corre á par do día
e canta que consola
e como se chama
chámase Pisquiño
ai que lindo nome
ten o paxariño.



Viana. Felisa

1948a

Eu sentín cantar o moucho
debaixo daquel penedo
canta moucho moucho canta
moucho non che teño medo.

Outes. Mamá velliña




1970b

A raposa vai pro monte
pola rodeira do carro
leva os ollos na cabeza
e o cu debaixo do rabo.

Meira. Prefeito

1971

Polo mar abaixo
vai un pexegueiro
que bota pexegos
no mes de xaneiro
no mes de xaneiro
no mes de xaneiro
polo mar abaixo
vai un pexegueiro



A Estrada. Virtudes

1989a

Eu teño un canciño
moi bo abofé
que baila o maneo
na punta do pé
na punta do pé
nas patas detrás
e toca as ferreñas
charrachas chas

Ponteceso. Eduardo e Manuel

1989b

Eu teño un canciño
moi bonito é
baila a muiñeira
na punta do pé
na punta do pé
calcañar pa trás
tocándolle as cunchas
ao chascarradás


Ordes. Jesusa



2007a

A castaña no ourizo
fixo pun e rebentou
caeu do ourizo abaixo
ai que golpiño levou

A Fonsagrada. Josefa



2007b

A castaña no ourizo
fixo pun e rebentou
e o cuco na carballeira
vaia susto que levou

A Fonsagrada. Enrique

2021b

Unha pera dúas peras
non tiña máis a pereira
unha pera para min
dúas para a compañeira

Outes. Manuela



2033

Xa fun a Marín
xa pasei o mar
xa comín laranxas
do teu laranxal
do teu laranxal
do teu laranxal
xa fun a Marín
xa pasei o mar

Rías Baixas. Francisco

2036

Pola mañán me dan caldo
ás doce caldo me dan
ao merendar danme caldo
e a cea caldo sen pan


Ordes. Concepción



2046a

O corazón dunha pulga
quen o soubera guisar
ten almorzo e ten xantar
e cea para cear

Muxía. Esperanza



2152b

Chamáchesme moreniña
á vista de tanta xente
agora vaime quedare
moreniña para sempre
ai la la...

Outes. Victorina, Manuela e Dominga



2007a

Púxenme a contar estrelas
e metelas no sombreiro
non puiden dar conta delas
ata que veu o luceiro

ILGA



2217


Vente que chove que chove
e o chan está mollado
son as pingueiras que pingan
auga que cae do tellado

Muxía. Delfina

2235b

Ai adiós Martes de Entroido
adiós meu queridiño
que ata domingo de Pascua
non podo comer touciño

Ponteceso. Asunción



2291b

Estando o lobo no seu lugar
chegou a auga pra lle afogar
a auga no lobo
o can no gato
o gato no galo
o galo na pita
a pita na araña
a araña na mosca
a mosca na amora
a amora na silva
a silva rachouse
rachouse no chan

Meira. Chelo



Ramón Cabanillas

Antífona da cantiga

Editorial Galaxia


Ilustracións: Luís Davila

I

...

Galicia, onde en cada recuncho hai unha herba nova e un recendo acelmoso, chea de voces de emoción esotérica e de herdados anceios da raza, está decote falándose a si mesma. A copla é a fonte barbulleante, por onde verte o seu sentimento lírico e a súa enxebre intimidade, en rosarios de verbas cristalinas, o galego que fai a seitura e a colleita, o que tira do guindastre e pica a pedra, o que descasca e entalla o castiñeiro e o carballo, a moza que fía na roca e acende o lume do fogar e o arriscado mariñeiro que, ao ir e vir das augas inquedas, loita coa morte a treu encol das febles táboas da dorna.

Esperanzas, tenruras, ciumes e desdéns, dores de ausencia, agruras de empencha, costumes, ledicias e devocións pasan vivos e latexantes pola copla, xa que todas as rendas espirituais están tecidas cos seus fíos. Cotovía de azas ceibes e lizgairas señorea e campa nos nosos eidos dende os rochedos dos cumios campesiños aos areiros da beiramar, por riba de vilas e aldeas, dos



Ramón Cabanillas, autor do *Cancioneiro Popular Galego*



vales mecosos, dos ríos espellantes e das gándaras esquivas. Ferida do amor ou da saudade, algareira ou en desconsolo, voando e revoando, espalla os seus rechouchíos e ergue os seus trilos melodiosos ao son da gaita e da zanfona na rebodaina da romaría; na compañía do pandeiro en ruadas e espadelas; nas paroleiras rexoubas do fiadeiro namentres baila o fuso; nas vendimas, esmorgas e regueifas onde triunfan a bica quente e o bon viño falador; ao compás do tantán do tear, do cantío do carro, do rodicio do muíño e da chocalla da recua do arrieiro; ao longo das corredeiras camiño da feira ou da afastada ermida, e, respondendo aos laios do acordeón sentimental, na cuberta do vapor que se afasta do chan nativo rumbo ás praias de alenmar.



...



2

Quen ten amores non dorme
quen non os ten adormece,
quen os ten lonxanos chora,
quen os ten preto padece.

36

Non quero que te emperrenches
nin me taches de atrevido,
déixame só que che diga
dúas cousiñas ao ouvido.

DONAIRES DO TURREIRO

178

Ao muíño de meu pai
eu ben lle sei o tempero;
cando está alto, baixalo,
e cando está baixo, erguelo.

186

O pandeiro ten a culpa,
o pandeiro tena toda,
o pandeiro ten a culpa
que lle dan e non resoa.

199

Se ti viras o que eu vin
tíñaste que admirar;
unha cadela con pitos
e unha galiña a ladrar.



Ilustración: Luís Davila

200

Paxariño millerendo
non me comas as cereixas,
se comes, come pouquiñas,
mira ben as que me deixas.

219

Non chas quero, non chas quero,
nabizas do teu nabal,
non chas quero, non chas quero
que me poden facer mal.

220

Fun ao monte por sardiñas,
fun ao mar cargar de toxo,
polo monte fun nadando,
polo mar nun burro coxo.

240

Do queixo non che me queixo
que o queixo ben che me sabe,
quéixome da que mo vende
que non mo deixa de balde.

271

O pandeiro toca ben,
as ferreñas fanlle o son,
as raparigas que o tocan
son de tan-tan e ton-ton.



Ilustración: Luís Davila

CONSELLOS E REFRÁNS

477

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixo no río,
que despois do eixo mollado,
canta como un asubío.

498

Non digas que vai dereito
o cravo que torto entrou,
non digas que é carpinteiro
quen nunca táboa labrou.

OFICIOS DE MAR E TERRA

511

Se todo mar fora leite
e Monte Louro boroa,
xa terían que comer
os tramalleiros de Boa.

512

Non te cases cun ferreiro
que ten moito que lavar,
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.

518

Eu ben vin estar o cuco
enriba dun castiñeiro
cunha subela na man
deprendendo a zapateiro.

532

Todos os que cantan ben
teñen posto no muíño,
os que non saben cantar
mirán por un burraquino.

542

Un gato e un escribano
caeron xuntos nun pozo
e como os dous tiñan unllas
rabuñáronse o pescozo.



Ilustración: Luís Davila

548

O galo con tantas prumas
nunca se puido manter,
un escribano con unha
mantén fillos e muller.

COSTUREIRAS E XASTRES

554

A agullíña vai cosendo,
bota por ela dedal,
rematarei a costura
para gañar un real.

564

Sete xastres fan un home
e vintecinco un testigo
fan falla cento cinquenta
para asinar un recibo.



Ilustración: Luís Davila

COITAS, BURLAS E DESDÉNS

624

A castaña no ourizo
eu ben sei che sei o que fai,
se é que está verde, madura,
e se está madura, cae.

633

Canta, rula, canta, rula,
canta, rula, naquel souto;
coitadiño do que espera
do que está na man de outro.

638

Maruxiña da forneira,
se cocedes, faime un bolo;
se mo fas, faimo de trigo,
de centeo non cho como.

653

Ditosos os que se deitan
sen ansias en que pensar,
érguense porque despertan
e saben que han de xantar.

659

As fillas de Furabolos
todas xuntas nunha eira,
unhas cantan, outras bailan,
outras tocan a pandeira.

DE ANDAR CAMIÑO

667

O pandeiro sen ferreñas,
as ferreñas sen pandeiro,
fai como barco sen remo
e remo sen mariñeiro.

672

Eu fun á feira do tres,
feira de perder o tempo,
que se pasean por ela
catro cabezas de vento.

676

Indo por aquí abaixo
fiando na miña roca,
veu un paxaro trival
fuxiume coa mazaroca.



Ilustración: Luís Davila

681

Fun ao muíño de abaixo,
din volta polo de arriba,
o de abaixo ten ferrollo,
o de arriba caravilla.

A LEMBRANZA DAS ALDEAS

691

Río de augas nunca quedas,
cantaruxiño Furelos,
dille ao mar como se cantan
os alalás en Barcelos.

694

O gaiteiriño de Corme
no roncón da gaita leva
un letreiriño que di:
Arde o eixo, carballeira!

697

Os de Noia son bos mozos,
os de Muros, baloqueiros,
os de Fisterra, morenos,
os do Son, bos mariñeiros.

698

Viva Trives, viva Trives,
viva Viana do Bolo,
viva o Castro de Caldelas
e viva a rúa do Forno.

701

Este pandeiro que eu toco
é de pelexo de can;
cando o toco en Vilapena
resoa en Vilaformán.



Ilustración: Luís Davila

OS VELLÓS E AS SOGRAS

723

Miña sogra é boa muller,
miña sogra é muller boa,
ela come pan de trigo
e a min dame pan de broa.

728

Miña sogra ao me casar
prometeume bois e vacas,
cando me foi dar a dote
deume unha cunca de papas.

731

Meu sogro ten dous piornos
e miña sogra ten tres,
en ningún deles os ratos
topan un gran que roer.



Ilustración: Luís Davila

CASADOS E VIÚVOS

741

A muller de Malpocado
está bailando na eira;
Malpocado está mirando
como a muller se peneira.

750

Ser solteiro é boa cousa
e ser casado tamén,
deixarei pra cando morra
pensar o que me convén.

AS MORENAS E OS PEQUENOS

759

Moreniña, moreniña,
téñoche o ollo botado,
has de ser miña muller
ou non hei de ser casado.

761

Eu namoreime de noite
dunha branca panadeira,
pero co fume do forno
foise trocando morena.

FACHENDOSOS E MARMULADORES

769

Marmurai, marmuradoras,
marmurade mal de min,
que nunca fun marmurada
máis que de xente ruín.

779

Chamáchesme pito cairo
porque nacín no xaneiro,
se non me come o raposo
hei cantar no teu poleiro.

769

Máis quero ter sete frebes
e ser picada da cobra
que ter a mala veciña
axexando á miña porta.



Ilustración: Luís Davila

AS NAIS E OS NENOS

796

Non te troco, meu meniño,
non te troco, meu amor,
nin pola prata da lúa
nin polo ouro do sol.

798

Este meu neno meniño
é como a flor do laranxo,
ten os olliños azuis
como os olliños dun anxo.

801

Durme, meu neniño, durme,
durme se queres durmir,
túa nai vaiche na leña
e teu pai logo ha de vir.



Ilustración: Luís Davila

ADEUSES

808

Adiós, adiós que me vou,
adiós que me quero ir,
págame a miña soldada
que non te quero servir.

811

Déixame pasar que vou
ao milleiral a regar;
mañán éche día santo,
temos tempo de falar.

817

Paxaro que deixa o niño,
navío que sae ao mar,
soldado que vai na guerra,
¡Dios sabe se volverán!

822

Anque estou aquí cantando,
triste esta meu corazón,
que o teño máis amarelo
que unha casca de limón.

823

Salvaterra non ten auga,
se non a ten eu lla darei;
coa agüiña dos meus ollos
Salvaterra regarei.

826

Berducido, Berducido
con todos seus arredores,
non te chames Berducido,
chámate xardín de flores.

837

Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.

839

Estreliña do alto ceo
dame a túa claridade,
foise o día, foise a noite,
foise a miña mocidade.



Ilustración: Luís Davila

850

Non me teñas compasión,
sarna con gusto non pica
nin hai mel sen aguillón.

856

Baila ti, meu bailarín,
unha volta polo lado
outra arredor de min.

887

Mira ben por onde vés
que o camiño é de lameira
e podes mollar os pés.

888

Parrandeira, parrandeira,
que vas con uns ao mercado
e vas con outros á feira.




Ilustración: Luís Davila

M. Barrio ~ E. Harguindey

Lerias e enredos para os máis pequenos

Editorial Galaxia



ARROLOS

- 9 Durme, meu neno, durme,
 durme, meu pequeniño,
 que teu pai ha de traerche
 da ribeira un paxariño.

J. Casal y Lois: Cancionero Gallego

- 11 Durmete, meu neno, durme,
 que eu teño que facer:
 ir por unha ola de auga
 pór as fabas a cocere.

X. Lorenzo: Cantigueiro Popular da Limia Baixa

- 20 Entrai ben de vagariño,
 non vaiades tropezar,
 que está durmindo o meniño,
 non mo fagades chorar.

X. Lorenzo: Cantigueiro Popular da Limia Baixa

- 28 Meu meniño, non te durmas
 que che vou quentar o leite
 e despois, dende que o tomes
 xa podes adormecerte.

X. Lorenzo: Cantigueiro Popular da Limia Baixa

32 O meniño quer durmir,
o durmir faino chorar.
Durme, meu meniño, durme,
durme ao son do meu cantar.

J Casal y Lois: Cancionero Gallego

39 Paxariños que voades
polas follas dos loureiros,
deixade durmir o neno
que está no sono primeiro.


E.M. Torner e J. Bal y Gay: Cancionero Gallego

XOGOS

48 Este é o dedo meniño
este é o seu sobriño,
este é o maior de todos,
este é o furabolos
e este o matapiollos

J. Pérez Ballesteros: Cancionero Popular Gallego

**Dorothe Schubarth e
Antón Santamarina**
*Escolma de Cantigas do
Cancioneiro Popular Galego*
Fundación Pedro Barrié de
la Maza. Conde de Fenosa



Tocade esa pandeireta
dádelle un golpe no medio
pra que saian a bailar
os que están de parrafeo.

Tocade esa pandeireta
dádelle un golpe na beira
pra que saian a bailar
os mociños da ribeira.

A pandeireta é de coiro
e as ferreñas de latón
e as nenas que a tocan
natural de Ourense son.

Buciños. Carballedo

De Portugal me mandaron
tres peras nun ramallíño
e o galán que mas mandou
chámase Josefiño.

De Portugal me mandaron
unha camisa ben feita
cun caravel encarnado
no puño da man dereita.

De Portugal me mandaron
un prato de rico mollo,
o corazón dunha pulga
e o bandullo dun piollo.

Xunqueira de Espadanedo

O cura de Vilaverde
tenche a barriga furada
que la furaron os ratos *ai si*
pensando que era empanada.

Eu ben vin estar o cuco
na pola dun castiñeiro
cuha subela na man
aprendendo a zapateiro *la ra la la*
aprendendo a zapateiro.

Sadrarín. San Xurxo, Ribeira de Piquín

Xesús Alonso Montero

Cantiga sociais.

Recollidas do pobo

Edicións Castrelos.

Col. O Moucho 10




PRESENTACIÓN

Velaquí trescentas oitenta e cinco cantigas sociais. Quérese dicir, pois, que as nosas xentes souberon e quixeron cantar as súas angurias transpersoais, os seus degoiros de xustiza, a súa teima aos poderosos, a súa protesta. Quérese dicir que o pobo tamén cantou, tamén canta, a disconformidade.

Estamos máis afeitos a outra clase de cantos populares: aos cantos de troula, de desdéns, de picardía, de amores de todo xeito etc. Cómpre saber, en troques, que as xentes sufridas non sempre estiveron nos seus cantares alleas á urdime conflitiva do seu existir colectivo.

...



Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega entre os anos 2013 e 2017

I- EMIGRACIÓN

1

Adiós ríos, adiós fontes,
augas de lindo beber,
corredoiras de meus pais,
cando vos volverei ver?

5

Ai, quen puidera voar
para a miña terriña amada,
decía un galeguiño
que estaba alá na Habana.

20

Miña terra, miña terra,
terra onde me eu criei,
miña terra, meus amores,
cando pra ela voltarei?

21

Miña terra, miña terra,
terra donde eu me criei,
terriña que quero tanto,
figueiriña que eu prantei.

23

O meu home veu da Indias
e tróuxome unha navalla
con un letreiro que di:
«Se queres comer, traballa»

II- OS GALEGOS SEGAN TRIGOS ALLEOS (CASTELA)

41

-Castellanos de Castilla,
onde queda meu irmán?
-Queda na Serra Morena
cunha fouciña na man.

44

Do outro lado do río
oín cantar e chorei:
eran os meus amoriños
que ían pra Monterrei.

47

Mañán vou para Castilla,
mañán primeira xornada.
Cando te volverei ver,
miña rosiña encarnada!

49

Maruxa, se vas á sega
escríbeme no camiño;
se non toparas papel,
nas alas dun paxariño.

53

Os ollos que a min me queren
nesta terra non están:
pasaron a Cruz de Ferro
e por Castilla andarán.

IV- SOBRE OS AVOGADOS, OS CACIQUES, OS CREGOS, OS ESCRIBÁNS E OS XUÍCES

41

Coas pixotas de Marín
e os chocos de Redondela
engordan os avogados
que temos en Pontevedra.

70

Este pandeiro que toco
por moito que repenique
non teñas medo que rache
que é de coiro de cacique.

84

Un gato cun escribano
caeron xuntos nun pozo
e como os dous tiñan unllas
rabuñáronse o pescozo.

75

Non hai cousa millor no mundo
que ser criado dun crego:
pan de trigo nos bautizos,
bo viño nos casamentos.

85

Este pandeiro que toco
éche de coiro de xuíz.
Toca, pandeiriño, toca
que ben duro o coiro tes.

IX- COUSAS DE AMOS, DE CRIADOS, DE SEÑORES E DE SEÑORITOS

129

As mozas de Paradela
elas son moi bailadoras,
bailan na punta do pé
como se foran señoras.

132

As señoritas de agora
a moda queren seguir:
gastan cinturón de chapa
como os da Garda Civil.

133

As señoritas de agora
xa non toman chocolate,
que o queren aforrar
pra gastar o miriñaque.

137

Catro cousas quere amo
do criado que o serve:
tarde á cama, erguerse cedo,
comer pouco e non ser triste.

158

Sei cantar e sei bailar
tamén sei pintar o mono.
Son criado de servir,
convénme saber de todo.

X- OS POBRES E AS SÚAS ESTREITURAS

168

A vida que leva o pobre
é como a vida do grilo:
polo día moita fame,
pola noite moito frío.

179

Ao almorzo me dan peras,
ao xantar peras me dan,
á merenda me dan peras
e a cea, peras sen pan.

176

Moito me doe a cabeza,
moito me doe o pescozo,
de mirar para o portelo
a ver se vén o almorzo.

187

Sei tocar e sei bailar,
sei tocar o que quixer;
son filla de padres pobres
e de todo hei menester.

189

Veñan para aquí tres duriños
que nesta casa hai fartura
e nós comemos no ano
moitas veces bica dura.

XIII- A VIDA DOS LABREGOS E MARIÑEIRO

215

Sachadores do meu millo,
sachaime o meu millo ben,
non miredes pro portelo
que a merenda logo vén.

214

O labrador sen arado
fraco labrador che é:
por moito que sache a terra
pouca cosecha ha de ter.

220

A vida do mariñeiro
non ten moito que envexar:
tres días botan na terra
e vintecinco no mar.

236

Os mariñeiros traballan
de noite coa luz da lúa.
Dá gusto velos chegare
pola mañán cedo
cheirando a frescura.

XIV- A VIDA NOUTROS OFICIOS

242

A vida dos arrieiros
é moi mala de levar:
á noite, deitarse tarde,
pola mañá, madrugar.

246

Pobres dos carabineiros
que andan de noite á xiada
namentres pasa a ramboia
camiño de Cortegada.

255

Vale máis un pobre xastre
cunhas cirolas de liño
que un rico carpinteiro
vestido de pano fino.

257

Se me queres escribir
direiche o meu paradeiro:
na minería de Asturias
traballando de mineiro.

258

Vale máis un mineiro,
vestido de minería
que vintecinco xubeiros
vestidos de roupa fina.

XV- O INTERESE, PODER E LIMITACIÓNS DO DIÑEIRO

260

A ladra da túa nai
non me quixo para xenro.
Dixo que eu tiña unha falta
e era a falta de diñeiro.

264

Cando eu tiña diñeiro
chamábanme «meu Pedriño»;
agora que vin a menos
chámanme «Peruleiriño».

268

Cando se emborracha un pobre
todos din: ¡Que borrachón!
Cando se emborracha un rico:
¡Que gracioso está o señor!

269

Canta rula, canta rula,
canta rula naquel soto.
¡Pobriño daquel que espera
o que está nas mans de outro!

276

Eu son o cego de Loiba,
todos me mandan cantar
e non hai un que me diga:
«toma cego, pra fumar»

XIX- EXPRESIÓN HUMORÍSTICA DAS ESTREITURAS DA VIDA

350

Heime casar en Lugo
que é terra de moito pan:
o forno da miña sogra
cría hedras no verán.

352

Miña nai por me casar
prometeume tres ovellas:
unha coxa, outra manca
e outra cega e sen orellas.

345

Pra cando case
xa teño un polo,
xa non ten que dar
miña nai todo.

357

Vinde velo dote
que me deu meu sogro:
unha cabra vella
e un carneiro tolo.

358

Sempre me andas preguntando
se teño moito diñeiro;
teño un cuarto e un ochavo
metidos nun agulleiro.